

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

## FICHA RESUMO

**PE 403A 2009/28-5**

<b>Ano</b>	2010
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE MOAÑA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PÉ

<b>Especies</b>	Ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), navalla ( <i>E.arcuatus</i> ) e longueirón vello ( <i>S. Marginatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Bancos intermareais entre a ponte de Rande e praia de Canabal
<b>Subzonas probables de explotación</b>	(*) Domaio, de Borna a Tella, Meira, Xunqueira, O Con, de Tirán á praia de Canabal

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
112	-	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		
Non		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

<b>Calendario de explotación</b>											
<b>Días máximos de extracción</b>	150										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : (*) de xaneiro a decembro, cunha veda de 2 meses consecutivos en abril e maio, podendo realizar extraccións unicamente durante cinco días en cada un dos dous meses de veda.											
Durante os meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro permanecerán pechadas as seguintes zonas: de Borna a Tella; de Tirán á praia de Canabal											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A PÉ</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X			X	X	X	X	X	X	X

<b>Topes de captura</b>	
<b>Especies</b>	<b>A pé (mariscadora/día)</b>
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa fina	2 kg
Ameixa xaponesa	7 kg
Ameixa bicuda	1 kg
Berberecho	8 kg
Navalla	5 kg
Longueirón vello	3 kg

<b>Artes a empregar</b>	Sacho, legón, angazo
<b>Puntos de control</b>	Pedra da Espiga, praia de Domaio, praia da Xunqueira (2 puntos), O Con, praia de Canabal, Tirán e lonxa de Meira.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Meira e Vigo.



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xapónica.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>****Ámbito do plan:**

Nos ámbitos dos plans de explotación presentados pola Asociación de Vilaboa e a confraría de Moaña está incluída a zona comprendida entre da ponte de Rande ata o peirao de San Adrián: **(Aradoiro e Calera)**. Tendo en conta o acordo acadado o día 22 de decembro de 2009 esta zona queda incluída no ámbito do plan aprobado para a Asociación de Vilaboa baixo as seguintes **condicións**:

- que se respecten os dereitos das mariscadoras doutras zonas que traballan nela.
- a Asociación terá que comunicar ás entidades con mariscadoras que se podan ver afectadas, dos días que se vaia a realizar a actividade nesta zona.
- días máximos de extracción: 10 días distribuídos do seguinte xeito: 2 días no mes de febreiro, 2 días no mes de marzo, 4 días no mes de setembro e 2 días no mes de outubro, con lixeiras variacións en función dos días nos que teñan lugar os mellores índices de cota mareal.

Por outra parte, a confraría de Moaña solicita traballar na Illa dos Ratos e praia de Canabal, incluídas no ámbito do plan presentado pola confraría de Cangas para marisqueo a pé. Visto isto, e ante a falta de acordo entre os ámbitos territoriais das distintas entidades que propoñían plans de explotación para o ano 2009, acordouse que a zona de punta Rodeira ata a praia de Canabal (Illa dos Ratos) fose sometida a plan específico de explotación. O departamento territorial de Vigo elaborou a proposta de plan para esta zona que incluía as medidas de xestión que permitisen acadar unha óptima produción.



Por outra parte, a confraría de Moaña solicita traballar na **Illa dos Ratos e praia de Canabal**, incluídas no ámbito do plan presentado pola confraría de Cangas para marisqueo a pé.

Ante a falta de acordo entre as entidades polos ámbitos dos plans de explotación ou zonas de traballo, e considerando que:

1. A explotación dos bancos incluídos no ámbito deste plan pode mellorar co aproveitamento dos colectivos que tradicionalmente traballaron neles, a través da aplicación de medidas de xestión, e quedando garantidos os dereitos das mariscadoras afectadas .
2. O alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afecta unicamente á determinación do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance, segundo se establece no artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo. Tódolos plans de explotación foron presentados para zonas de libre marisqueo.

Esta zona serán xestionada, mentres non exista un acordo sobre os ámbitos dos plans, de acordo co **plan específico aprobado** para esta zona e co establecido na Orde do 22 de decembro de 2009 que aproba a Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2010.

Polo tanto, á vista de todo o exposto anteriormente o **ámbito do plan de explotación** da confraría de Moaña quedará do seguinte xeito: bancos intermareais enre a ponte de Rande e praia de Canabal.

**Participantes:** Da relación de 122 mariscadoras incluídas no plan, advírtese que as seguintes persoas non teñen renovado o seu permiso de explotación para o ano 2010: .....

Polo tanto, o número de permisos en vigor e incluídos no plan é de 112.

**Especies:** inclúese a navalla e o longueirón vello como especies acompañantes e accesorias.

**Calendario:** considéranse correctos os días propostos no plan,

**Cotas máximas de captura:** á vista do seguimento das caputras do ano anterior e sobre todo da porcentaxe de individuos legais en lonxa, cómpre rebaxar algúns topes de captura, quedando tal e como recolle na ficha.

Con respecto á rexeneración das praias de Meira e Xunqueira, non se concretan as actuacións sendo necesario para a súa valoración, a presentación dun proxecto que especifique obxectivos, actuacións e metodoloxía a empregar.

**Artes a empegar:** a gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

**Remisión dos datos de captura:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia